

ACORDO PARA DAR CONTINUIDADE AO DESEMPEÑO PROVISIONAL DE POSTOS POR PARTE DO PERSOL LABORAL FIXO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS QUE ADQUIRA A CONDICIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

Unha vez rematado o proceso para a funcionarización do persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade de Vigo, convocado mediante a resolución do 10 de febreiro de 2022 (DOG do 22), está previsto que a toma de posesión como persoal funcionario de carreira se produza o vindeiro 1 de novembro de 2022.

Ao abeiro do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, parte deste persoal ten autorizado o desempeño con carácter provisional dun posto de traballo distinto ao seu destino definitivo, mediante a realización de funcións de categoría superior ou distinta.

Tras a toma de posesión, a normativa aplicable ao persoal funcionario de carreira establece para estes casos a provisión mediante comisións de servizos voluntarias.

Por razóns de eficacia, organizativas e de garantía na prestación dos servizos resulta necesario particularizar esta forma de provisión, de xeito extraordinario e limitándoa temporalmente, facilitando que este persoal se manteña nos postos que de forma provisional ocupan actualmente.

O carácter transitorio das medidas que se acordan está ligado ao momento no que se adoptan, no que converxen diferentes sistemas de provisión: as convocatorias derivadas das ofertas de emprego público dos anos 2019, 2020 e 2021, os procesos de estabilización que deben convocarse no que resta de ano, así como as tomas de posesión derivadas do proceso de funcionarización. En consecuencia, un escenario no que se prevé que as vacantes poidan cubrirse con relativa inmediatez determina o carácter provisional e limitado da continuidade do persoal nos postos actuais.

Considerando as circunstancias descritas e tras a correspondente negociación, a Subcomisión de Funcionarización constituída pola Xerenta, o Vicexerente de RRHH, e dous representantes da Comisión de Funcionarización adopta o seguinte

ACORDO

O persoal laboral fixo de administración e servizos que o 31 de outubro de 2022 estea a desempeñar un posto con carácter provisional por terlle sido autorizada a realización de funcións de categoría superior ou distinta, que se funcionarice de acordo coa Resolución de 11 de outubro de 2022 pola que se nomea persoal funcionario de carreira da Universidade de Vigo, continuará desempeñándoo temporalmente mediante a correspondente comisión de servizos voluntaria de carácter extraordinario.


Esta proposta foi obxecto de tratamento na reunión de 25 de outubro de 2022 entre a Xerencia e os Comités de Empresa de Pontevedra e Ourense e a Xunta PAS de conformidade coa convocatoria de data 21 de outubro.

Vigo, 02 de novembro de 2022

Pola Universidade

A Xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero



Polos órganos de representación

Carlos Mollinedo Lois



Xoán M. Cebro Rodríguez

